

A Coruña, 5 de febreiro de 2026

Os especialistas recomendan acudir a Urgencias, aínda que o impacto non pareza importante, para avaliar axeitadamente as posibles lesións

Medio milleiro de pacientes accidentados en 2025 recorreron á Unidade de Lesionados de Tráfico de HM Hospitales na Coruña

- Esta unidade contabilizou durante o pasado exercicio un total de 1.504 consultas de diversas especialidades, 458 probas diagnósticas e 27 cirurxías
- O número de sesións de fisioterapia realizadas no Policlínico HM Matogrande ascendeu a 7.471

A Unidade de Lesionados de Tráfico de HM Hospitales na Coruña atendeu durante 2025 a un total de 506 pacientes, que tras sufrir un accidente de circulación se decantaron pola experiencia de HM Hospitales para diagnosticar e tratar as lesións derivadas deste tipo de sinistros.

A maior parte destes pacientes, concretamente 445, accederon á Unidade a través do Servizo de Urgencias de HM Modelo, que é a porta de entrada habitual para estes casos e que conta cun equipo médico especializado nas lesións derivadas de accidentes de tráfico. Ademais, no Policlínico HM Matogrande realizáronse 7.471 sesións de rehabilitación, unha cifra que se mantén en valores similares aos do ano anterior. A todo iso hai que sumar 1.367 consultas de Traumatoloxía, 137 interconsultas con outras especialidades e 27 cirurxías.

Este balance pon de relevo a confianza dos coruñeses neste Servizo de HM Hospitales. Neste sentido, a Dra. Paula Martínez Espada, directora médica de HM Hospitales na Coruña, agradece a confianza que ano tras ano depositan os pacientes desta cidade e a súa contorna en HM Hospitales, “e que nos serve de estímulo para continuar mellorando nesta área de actividade. No Hospital HM Modelo contamos con todos os medios diagnósticos e de tratamento necesarios para abordar as posibles lesións derivadas dun accidente de tráfico coas máximas garantías e de forma multidisciplinaria, ofrecendo unha atención integral, rigorosa e personalizada”.

Desde a Unidade de Lesionados de Tráfico de HM Hospitales na Coruña recoméndase ás persoas que sofren un accidente de circulación acudir a Urgencias para que poidan ser valorados dentro das 72 horas posteriores ao incidente, aínda que a priori o impacto non fose moi forte, xa que é o único modo de poder coñecer o alcance real das lesións. Neste punto é necesario lembrar que as vítimas dun accidente de tráfico teñen o dereito para elixir o hospital onde ser atendidos sen que isto lles supoña custo algún, aínda que non contén cunha póliza de saúde privada, xa que os gastos xerados pola súa asistencia médica teñen que ser asumidos polas compañías de seguros.

En relación coas xestións administrativas, a Unidade de Lesionados de Tráfico de HM Hospitales conta cun protocolo grazas ao cal o paciente non debe preocuparse de nada, xa que é o persoal de HM Hospitales quen se pon en contacto coas compañías de seguros para realizar todos os trámites e notificacións.

HM Hospitales

HM Hospitales é o Grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional, baseando a súa oferta na excelencia asistencial sumada á investigación, a docencia, a constante innovación tecnolóxica e a publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100% español, conta na actualidade con 7.500 traballadores laborais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora centrada no coidado da saúde e o benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 54 centros asistenciais: 23 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en Oncoloxía, Cardiología, Neurociencias, 5 centros especializados en Medicina da Reprodución, Saúde Ocular, Saúde Bucodental, Medicina Estética e Cirurxía Plástica e Prevención Precoz Personalizada, ademais de 23 policlínicos. Todos eles traballan de maneira coordinada para ofrecer unha xestión integral das necesidades de saúde dos seus pacientes.

Actualmente, HM Hospitales en Galicia dispón 4 hospitais con máis de 250 camas e 23 quirófanos que responden a todas as especialidades médicas e cirúrxicas, e conta coa máis avanzada tecnoloxía de diagnóstico por imaxe. Destacan a UCI de adultos e neonatal, os servizos de urgencias 24 horas e urgencias pediátricas, a medicina nuclear e HM Fertility Center entre outros. Estes recursos veñen sumarse aos do resto do grupo no conxunto de España, todos eles coa maior cualificación técnica e humana.

Departamento de Comunicación HM Hospitales

Irene Montero Díaz

 981 21 66 77  647 56 48 65

 irenemontero@octo.es

 www.hmhospitales.com